



Poesía e narración breve
CAMBRE 2008

XV Certame Literario



I.e.s. David Buján
CAMBRE

<http://centros.edu.xunta.es/iesdavidbujan>



<http://centros.edu.xunta.es/iesafonsox>



CONCELLO
DE CAMBRE
ÁREA DE CULTURA
E TURISMO

www.cambre.org

Co obxectivo de estimular a creación literaria e fomentar a súa difusión entre os mozos/-as, os Equipos de Normalización Lingüística e os Departamentos de Lingua Galega e Literatura dos dous Institutos de Educación Secundaria de Cambre, David Buján e Afonso X O Sabio, as asociacións de nais e pais e a Concellaría de Cultura e Turismo do Concello de Cambre, convocan esta XV edición do CERTAME LITERARIO de acordo coas seguintes:

B A S E S

PRIMEIRA.- Poderá participar neste certame calquera mozo/-a de idade comprendida entre os 12 e os 26 anos, segundo as seguintes categorías:

CATEGORÍA A: de 12 a 14 anos

CATEGORÍA B: de 15 a 18 anos

CATEGORÍA C: de 19 a 26 anos

SEGUNDA.- Cada participante poderá presentar unha proposta a calquera das dúas modalidades: Poesía e Narración breve. Na modalidade de poesía presentaranse tres poemas como mínimo, de tema e forma libres. Na modalidade de narración breve a extensión máxima será de cinco folios e o tema libre.

TERCEIRA.- Os traballos estarán escritos en lingua galega e deberán ser orixinais e inéditos.

CUARTA.- Presentaranse mecanografados a dobre espazo, por unha sola cara, numerados e sen asinar. Entregaranse orixinal e catro copias nun sobre no que figure: CERTAME LITERARIO, o lema ou pseudónimo do autor ou autora, a categoría (A, B ou C) e a modalidade (narración ou poesía). Cada traballo presentado levará xunto un sobre pechado no que, por fóra, deberán figurar os mesmos datos, e no interior, unha fotocopia do DNI, o teléfono e o centro no que estudia ou traballa, se é o caso.

QUINTA.- Os traballos poderán presentarse persoalmente nas administracións dos Institutos ou ben seren enviados por correo ordinario a:

Concello de Cambre - C. Cultura e Turismo
Adro, 1 - 15660 Cambre

SEXTA.- Haberá dous premios por categoría e modalidade, aínda que o xurado poderá declarar desertos calquera deles no caso de considerar insuficiente a calidade dos traballos presentados. A cantidade en efectivo será de:

CATEGORIA A: 1º Premio: 230,00 €	2º Premio: 170,00 €
CATEGORIA B: 1º Premio: 290,00 €	2º Premio: 200,00 €
CATEGORIA C: 1º Premio: 400,00 €	2º Premio: 230,00 €

Aos premios practicaránselles as retencións legalmente establecidas do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

SÉTIMA.- A data límite de entrega de traballos será o día venres, 11 de abril de 2008.

OITAVA.- Os membros do xurado serán elixidos polo Comité Organizador do Certame, e daranse a coñecer o mesmo día do fallo. A entrega de premios terá lugar no IES Afonso X o venres 23 de maio de 2008.

NOVENA.- A organización do Certame resérvase o dereito a publicar os traballos premiados. Neste sentido os autores renuncian a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autor.

DÉCIMA.- Os traballos non premiados poderán ser solicitados polos seus autores ata un mes despois do fallo do xurado. Aqueles que non sexan reclamados destruíranse pasado este prazo.

UNDÉCIMA.- O xurado está facultado para tomar a decisión que considere oportuna ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nas presentes bases. A participación implica a aceptación de todas elas.